

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020301	IES de Meaño	Meaño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira durante este primeiro ciclo da ESO en torno aos seres vivos e a súa interacción coa Terra, incidindo na importancia que a conservación do ambiente ten para todos eles, así como ao redor da saúde e a súa promoción.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun IES situado en Meaño. O alumnado que vén ó IES de Meaño procede das sete parroquias que compoñen o Concello de Meaño(Meaño, Dena, Simes, Lores, Padrenda, Xil e Cobas) constituídas, a maioría delas por núcleos rurais. Só a parroquia de Dena, na que viven un 40% dos habitantes do concello, ten algúns elementos típicos dos núcleos urbanos. O alumnado procede maioritariamente dos dous CPIs do concello, o situado preto do IES en Coirón-Dena e o situado na parroquia de Meaño CPI As Covas.

Ademais das bibliotecas dos respectivos centros Educativos, o Concello conta, así mesmo, cunha Biblioteca Municipal, en Meaño, cun horario de consulta diaria, polas tardes. Tamén dispón de tres áreas deportivas situadas nas parroquias de Padrenda, Simes, Xil e Dena, nas que se desenvolven diferentes actividades no ámbito deportivo. Ademais, debemos sinalar, que no Concello funcionan 4 asociacións de Mulleres rurais que desenvolven ao longo do ano un gran número de actividades de promoción cultural e profesional, tanto para adultos, como para xoves e nenos. Tamén é importante sinalar as actividades formativas da Casa de Música que o Concello organiza cada curso, onde se imparten clases de música e instrumentos a un gran número de alumnos escolarizados en Primaria e Secundaria, que logo pasan, a maioría deles, a formar parte da banda de Música de Meaño.

O nivel de 1º ESO está composto por 2 grupos cun total de 44 alumnos e alumnas (22 por aula) con idades ao inicio do curso entre os 11 e os 13 anos. Entre todas estas persoas, hai algunhas con TDA, dislexia e TEA. Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto de investigación	O alumnado debe seguir o método científico ao longo do curso para facer unha pequena investigación e amosar as súas descubertas.	10	5			X
2	Biodiversidade	Análise das distintas formas de vida existentes no planeta.	50	35		X	
3	Ecoloxía	Estudo dos ecosistemas e como as súas condicións determinan as formas de vida.	10	35			X
4	As capas da Terra	Análise da xeosfera, atmosfera e hidrosfera e a súa importancia para a vida.	30	30	X		

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto de investigación	5

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explica ideas aproximadas	TI	100
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolve a maioría de preguntas		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Elucubra posibilidades medianamente realistas		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Decátase dalgún dato incoherente		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Segue un protocolo de laboratorio		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Expón as principais ideas do seu proxecto		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	É capaz de traballar en equipo		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Entende que a Ciencia é froito do esforzo constante de moitas mulleres e homes		
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Explica coas súas palabras o estudado ou investigado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:
- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.
- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).
- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.
- Concepto de ser vivo.

UD	Título da UD	Duración
2	Biodiversidade	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Di algunha característica dos seres vivos	PE	95
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Recoñece algunhas das partes da célula		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Diferenza una célula eucariota dunha procariota, ou unha animal dunha vexetal		
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Di que os virus non son seres vivos		
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Sinala un par de ideas correctas sobre a habitabilidade do noso planeta		
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Identifica correctamente a metade de especies propostas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describe un par de características dos grupos propostos		
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoos de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Explica ideas coas súas palabras	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de ser vivo. - A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos. - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas. - Funcións vitais: <ul style="list-style-type: none"> - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares: os virus. - A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas - As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...). - Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).

UD	Título da UD	Duración
3	Ecoloxía	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Diferenza biótomo de biocenose	PE	75
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Sinala un par de características propias de cada ecosistema		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Propón algunha medida de conservación ambiental		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Sinala algúnha vantaxe e algunha desvantaxe sobre unha solución proposta a un dano medioambiental.		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Amosa inquietude pola preservación da natureza.		
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Explica ideas coas súas palabras	TI	25
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Indica algunha adaptación dun ser vivo ao seu hábitat		
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Detecta incoherencias en discursos deseñados ad hoc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de ser vivo. - Funcións vitais: <ul style="list-style-type: none"> - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio. - Os ecosistemas: <ul style="list-style-type: none"> - Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas. - Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible. - Exemplos da contorna.

Contidos

- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.

UD	Título da UD	Duración
4	As capas da Terra	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identifica a metade dos minerais propostos.	PE	95
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Recoñece a metade das rochas propostas.		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localiza algún mineral ou rocha na súa contorna.		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Indica un par de exemplos de usos de rochas e minerais		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Indica un dano que causan as minas		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Nomea as capas da Terra		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Indica que o choque de placas tectónicas crea cordilleiras		
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Expón oralmente o que aprendeu		
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Indica algún exemplo de impacto na paisaxe.		
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Indica un par de funcións da atmosfera		
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Indica un par de funcións da hidrosfera		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Indica un par de impactos na hidrosfera		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Sinala algunha idea sobre a formación do solo		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propón algunha medida de aforro enerxético/hídrico		
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Expresa as ideas coas súas palabras.	TI	5

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Concepto de ser vivo. - Funcións vitais: - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo. - Introducción á teoría da tectónica de placas. - A litosfera e o movemento das placas. - Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas. - A atmosfera. Composición e estrutura. - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. - O cambio climático. - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga. - Importancia da auga para os seres vivos.

Contidos

- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.
- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.
- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na área de Bioloxía e Xeoloxía é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

A metodoloxía será activa e participativa, que facilite a aprendizaxe tanto individual como colectiva e que, como un dos seus eixes, favoreza a adquisición das competencias básicas, especialmente a relacionada co coñecemento e a interacción co mundo físico.

Empregaranse diversas estratexias metodolóxicas:

- Exposición do profesorado utilizando diversos soportes (powerpoints, vídeos, imaxes, fichas...). Antes de comezar a exposición, débense coñecer as ideas previas e as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
- Utilización do microscopio e realización de observacións reais de células no laboratorio.
- Traballo reflexivo individual no desenvolvemento das actividades individuais e de proxectos para investigar.
- Exposicións orais despois de realizaren traballos por equipos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Os seguintes materiais de apoio servirán para reforzar e ampliar o estudo dos contidos :

- Aula Virtual de Edixgal e Google Classroom
- Dicionarios, guías de campo, enciclopedias, medios informáticos de consulta, etc.
- Caderno do alumnado para realizar nel as actividades propostas polo profesorado.
- Diverso material de laboratorio: frascos para recoller a auga estancada, microscopio, lupas, etc.
- Fichas fotocopiáveis de reforzo e ampliación de atención á diversidade.
- Fichas fotocopiáveis para a adaptación curricular.
- Proba de avaliación do xerador de probas escritas para a avaliación dos estándares de aprendizaxe.
- Material para desenvolver as competencias e tarefas para adestrar probas baseadas en competencias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o mes de setembro realizarase ao grupo de alumnos unha serie de probas tanto escritas (obxectivas, cuestionarios abertos e pechados, interpretación de gráficas,¿) coma orais para coñecer o grao de competencia en comunicación lingüística, comprensión oral e escrita e expresión oral, así como o nivel de coñecementos. Así mesmo, a observación será un procedemento moi útil para coñecer o clima da aula, nivel de atención,¿ que determinarán o funcionamento do grupo.

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas especiais e con

necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, por ex. pola súa historia familiar.

Saber as medidas organizativas que hai que adoptar, como a planificación de reforzos.

Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

Antes de comezar cada unidade didáctica realízanse unha serie de actividades para saber o grao de coñecemento dos alumnos e así poder adaptarse ás súas necesidades.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	50	10	30	100
Proba escrita	0	95	75	95	84
Táboa de indicadores	100	5	25	5	16

Criterios de cualificación:

En cada trimestre teranse en conta todos os criterios avaliados ata ese momento dende o principio de curso, de xeito que a nota sexa unha proporción da puntuación obtida polo alumnado en relación ao peso do total de criterios avaliados nese periodo de tempo. É dicir, que na 1ª avaliación só se calculará a nota cos criterios dese trimestre; na 2ª, con todos os que se deron durante os primeiros 6 meses de curso; e na 3ª (idéntica á final), a proporción sobre 10 da totalidade de criterios do curso.

Criterios de recuperación:

Cada estudante poderá ir recuperando os exames que ten suspensos despois de cada trimestre, se así o solicitan expresamente, nunha data acordada co resto de alumnas e alumnos. En caso de que a media non lle dea, en xuño poderán facer exames de recuperación nos que cada estudante poderá demostrar que acadou os mínimos exixibles desas partes pendentes previa petición. Coa nota acadada nesas probas, recalculárase de novo a media, que se, despois do redondeo, chega ao 5, permitirá aprobar o curso.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A finais do mes de febreiro deberán entregar un primeiro boletín de exercicios que contará un 50% da nota. A principios do mes de maio haberá un segundo boletín que representará a outra metade da nota.

6. Medidas de atención á diversidade

Como non todos/as os/as alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo seu propio desenvolvemento psicolóxico como por moi diversas circunstancias persoais e sociais, a atención á diversidade de alumnos/as e de diferentes situacións escolares convértese nun elemento fundamental da actividade educativa para consolidar ou readaptar os diferentes ritmos de aprendizaxe. As distintas actividades que se van proponendo (no libro de texto e nos materiais de que se dispón) nos diferentes procesos de aprendizaxe deben ser graduadas en dificultade e pretendendo, en todo momento, dar resposta a esa ineludible realidade tan heteroxénea das nosas aulas , de tal modo que todos os alumnos experimenten un crecemento efectivo, un desenvolvemento real das súas capacidades.

Tendo en conta esa diversidade de niveis de coñecemento e de posibilidades de aprendizaxe dos/as alumnos/as dos diferentes grupos, propóñense novas actividades, diferenciadas entre as de ampliación e as de reforzo, e que polo seu propio carácter dependen da aprendizaxe do/a alumno/a para decidir cales e en que momento se van desenvolver.

Nas aulas hai alumnos co trastorno por déficit de atención con hiperactividade (TDAH), TEA e Asperger. Son alumnos que necesitan cambiar de actividade máis a miúdo ca o resto dos compañeiros, xa que o sobreesforzo que realizan é esgotador e o seu umbral de fatiga soe ser moi baixo.

Debemos valorar o progreso do alumno de acordo co interese, a dedicación e o esforzo realizado. Non valorar nunca os seus coñecementos a partir do nivel medio do resto da clase.

Desde o noso departamento faremos o seguinte:

- Facer saber ao alumno que coñecemos o seu problema para que sinta maior confianza e seguridade.
- Utilizar sempre o reforzo positivo, valorar os seus logros.
- Fomentar o uso de audiovisuais na aula.
- Adaptar os exames ás súas posibilidades facéndolles exames orais ou alternando escritos con orais.
- Axudarlle nas tarefas escolares:
- Non facerlle copiar os enunciados, senón ir directamente ao desenvolvemento do exercicio.
- Non ter en conta as faltas de ortografía para a cualificación, xa que sempre van a supoñer para eles unha ¿inhabilitade¿.
- Dotalos de tempo extra para a realización de tarefas.
- Se queremos que lea en voz alta, faráselle entrega da lectura coa suficiente antelación para que a poida traballar na casa.
- Non facerlles copiar repetitivamente os erros cometidos.

Con todo isto intentamos evitar o seguinte:

- Problemas de frustración
- Ansiedade e depresión
- Baixa autoestima
- Desadaptación
- Fobia escolar
- Trastornos de conduta

Non hai que esquecer que son alumnos plenamente conscientes das súas dificultades.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.5 - Educación emocional e nos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.9 - Educación afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.10 - Concienciación e formación sobre o cambio climático	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X
ET.12 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X
ET.13 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.14 - O espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ao Campus de Vigo	Excursión para traballarmos in situ a biodiversidade dos bosques autóctonos das Rías Baixas.			
Parque eólico experimental de Sotavento	Sito en Xermade (Lugo), visitaremos a vivenda bioclimática demostrativa. Un dos obxectivos desta saída é concienciar aos alumnos do importante que é o aforro enerxético e que no fogar se pode levar a cabo facilmente. 2º Trimestre			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Planetario	Planetario móbil que visita o Centro e desde o que os alumnos de 1ºESO realizarán unha viaxe no espazo e no tempo e así afianzarán contidos estudados no curso relacionados co tema do Universo. 1º Trimestre			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os obxectivos adáptanse á área e as características do alumnado.
A selección dos contidos está en relación co desenvolvemento evolutivo do alumnado.
Os contidos están en consonancia cos obxectivos propostos e contribúen á adquisición das competencias clave.
As actividades son motivadoras, variadas, graduadas en dificultade e accesibles para o alumnado.
Os materiais e recursos didácticos empregados son variados e inclúen os relacionados coas TICs.
Os procedementos e instrumentos de avaliación son variados, flexibles, están contextualizados á diversidade do alumnado e prevén mecanismos de recuperación.
As medidas de atención á diversidade atenden aos niveis de coñecemento e posibilidades de aprendizaxe do alumnado.
A metodoloxía empregada contribúe ao desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe e atende ás diversas formas de aprendizaxe do alumnado.
Contémpanse os elementos transversais a traballar en cada curso.

Descrición:

Consideramos necesaria a reflexión e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento das programacións didácticas. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitan avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade en base aos indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados